

Víctor Campio e Francisco Bernárdez, dous poetas fillos predilectos de Maside

O Concello celebrou o acto literario de distinción de dúas grandes firmas da República das Letras

Jesús Manuel García | OURENSE/LA VOZ. | 21/11/2010

Maside como matria poética. A vila concedeu onte a distinción de Fillo Predilecto aos poetas Francisco Luis Bernárdez Martínez e Víctor Campio Pereira, o primeiro nado en Bos Aires no 1900 pero de pai masidao e o segundo, garabanés polos catro costados, que naceu no 1928. A secretaria, Raquel Casares leu a acta de honra de Francisco Luis Bernárdez e o concelleiro de Cultura, a de Víctor Campio.

A loubanza de Bernárdez fíxoa o presidente do Pen Clube de Galicia, Luis González Tosar. «Paco Luis foi un escritor de grandísima altura e su son un simple aprendiz. Mais os dous nacimos alén mar», sinalou. Este nomeamento procede de Ferrín e trátase dunha iniciativa que ten que seguir, dixo Tosar.

Bernárdez era fillo de pai masidao e nai compostelá. Cando súa nai morreu no 1916 el veu a Galicia en xaneiro do 1920, «e aí comeza a súa defensa da cultura galega e a súa vocación poética. Abrazou fervorosamente o galeguismo e aprenden galego aquí», engadiu Tosar. Bernárdez era un mozo inqueda que no 1930 reapereceu na capital arxentina cunha obra que lle deu o Premio de la Municipalidad de Buenos Aires e coñeceu a Jorge Luis Borges.

«No ano 1922 escribiu os libros **Horto**, **Bazar** e **Kindergarten**, o primeiro modernista e os outros ultraístas», indicou o autor da laudatio. Xa en bos Aires, Bernárdez entrou no Grupo Florida aportando o ultraísmo. González Tosar subliñou a faceta deste escritor tamén como narrador, ensaísta e crítico. Recolleu o pergamiño Xosé Ricardo Rodríguez Pérez, que llelo fará chegar aos seus descendentes, en París, cun resumo do acto.

A loubanza de Víctor Campio correu da man de Xesús Alonso Montero, membro da Real Academia galega e do Consello da Cultura Galega. Montero definiu a Campio como «sinxelo, discreto e modesto», e gabouse de celebrar este acto onte, 20 de novembro «non porque me dea alegría que faga 35 anos que morreu Franco. Alégrome de que morrera o tirano, o criminal, o canalla e gran inimigo dos poetas e, neste día celebramos un acto poético».

Alonso Montero sinalou que Víctor Campio é poeta pouco publicitado: «Víctor escribe e se lle gusta a alguén, moi ben. A inxustiza desta pouca publicidade é para os feridos polas letras ou **letraferits**». Campio, dixo o seu presentador, «non é unha gloria de Maside. A súa voz poética está entre as grandes de Galicia, de España e de Europa».


Campio amosou que este recoñecemento aséntase «no centro da miñ



Relacionados de la noticia

- Víctor Campio Pereira Xosé Luis Méndez Ferrín
- O compromiso de facer un libriño coa obra dos autores para coñecemento dos escolares da zona

C



Víctor Campio, segundo pola dereita, fala con Francisco López a carón de Alonso Montero e de Tosar | MIGUEL VILLAR

querenza máis fonda, a terra onde nacín e onde me criei». Todo lle leva ao seu Garabás da nenez. Se escoita verbas como fonte ou carballo e outras, saltan na súa mente imaxes moi concretas do seu Garabás ou «caste baril, de verba vella, de pulos andaregos, de saudosa lembranza...»
